



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REGULAR AS CONDICIÓNS DA AXUDA DESTINADA Á ACTUALIZACIÓN E AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA INNOPHARMA DA USC, SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO EIXO REACT UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, COMO PARTE DA RESPOSTA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DA COVID-19

En Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2021

### REUNIDOS

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº181, do 6 de setembro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a configuración dos departamentos que integran a Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e



## EXPOÑEN

### PRIMEIRO.-

Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. Encóntrase adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

### SEGUNDO.-

Que a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 da citada Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos



resultados da investigación e da capacitación de recursos para o seu desenvolvemento.

A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

A Plataforma Innopharma é unha iniciativa da Universidade de Santiago de Compostela para o descubrimento temperán de fármacos que achega apoio tecnolóxico para potenciar o sector farmacéutico en Galicia, trasladando o know-how académico a proxectos de descubrimento de fármacos. É unha plataforma de investigación farmacoxenómica, baseada no coñecemento que integra as capacidades das plataformas de xenotipado e de screening de fármacos da Universidade de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é cubrir o oco existente entre a investigación básica en novos mecanismos terapéuticos e a súa aplicación industrial; levando a cabo proxectos que permitan engadir valor ao coñecemento científico e trasladalo a programas de descubrimento de fármacos.

Esta iniciativa apóiase en tres piares:

- Plataforma de farmacoxenómica con infraestruturas de alta capacidade e uso de estándares industriais.
- Desenvolvemento constante dunha quimioteca privilexiada de compostos para a procura de hits sobre as dianas candidatas e dunha plataforma de ensaios biolóxicos para screening de alta capacidade en ensaios de eficacia e seguridade.
- Aplicación a programas innovadores de descubrimento temperán de fármacos.

A USC, a través da plataforma de cribado de fármacos Innopharma, forma parte da rede europea EU-OPENSREEN, dedicada á investigación en Bioloxía Química, recoñecida pola Comisión Europea coa condición de ERIC (European Research Infrastructures Consortium). Constituindo polo tanto unha infraestrutura transnacional de acordo cos criterios da Unión Europea, que presenta estas Infraestruturas de Investigación (RI) como "hubs" de excelencia científica para toda Europa.

### TERCEIRO.-



Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta Lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. Nela establece a estratexia de innovación a seguir para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020

A RIS3 fixa como un dos seus tres grandes retos o posicionamento de Galicia como rexión líder do sur de Europa no eido da innovación para a mellora da calidade de vida.

As características demográficas de Galicia, con elevadas taxas de dispersión e envellecemento, fan que esta rexión europea sexa axeitada para desenvolver e aplicar tecnoloxías sobre a calidade da vida, feito este que fai que a saúde sexa a área de coñecemento con maior especialización científica de Galicia.

#### **CUARTO.-**

Que a Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, contempla no orzamento de gastos de GAIN, na aplicación 06.A2.561A.744.1, unha subvención nominativa coa seguinte explicación do gasto "PLATAFORMA INNOPHARMA DA USC" por importe de 5.000.000,00€.

Que o financiamento deste convenio realízase con Fondos REACT-UE previstos no *Regulamento (UE) 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello*, do 23 de decembro de 2020 (DOUE do 28 de decembro de 2020), e son recursos adicionais aos *Fondos Estructurais* para 2021, 2022 e 2023 procedentes do *Instrumento de Recuperación da Unión Europea* establecido no *Reglamento (UE) 2020/2094 do Consello* para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.



Precisamente coa finalidade de paliar o impacto da crise, primeiro o *Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello*, e posteriormente o *Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello* modificaron o *Regulamento (UE) nº 1301/2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)* e disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e o *Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello*, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao FEDER, ao *Fondo Social Europeo (FSE)*, ao *Fondo de Cohesión (FC)*, ao *Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)* e ao *Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)*, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao FEDER, FSE, FC e FEMP.

Estas modificacións proporcionan unha maior flexibilidade, de carácter excepcional, para que os Estados membros podan mobilizar os recursos non utilizados destes Fondos simplificando os requisitos de procedemento relativos á execución e ás auditorías, e centralalos para dar unha resposta a crise.

En atención ao anterior, e respecto das accións xa dispoñibles no eido do apoio ao FEDER, permítese a utilización dos recursos REACT-UE principalmente para investimentos en produtos e servizos para os servizos da saúde, entre outros.

Tal como indica o considerando 11 do citado regulamento 2020/2221 debe fomentarse a "(...) *cooperación, unha coordinación e unha resiliencia máis sólidas no ámbito da saúde (...)*", ademais é conveniente que "(...) *os recursos REACT-UE céntrense exclusivamente no novo obxectivo temático «Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía» (...)*"

Este investimento implica a realización nos exercicios 2021, 2022 e 2023 de actuacións para a actualización e ampliación das capacidades tecnolóxicas da Plataforma Innopharma da Universidade de Santiago de Compostela con metodoloxías e tecnoloxías automatizadas compatibles con tratamento por Big Data, coa finalidade de aumentar a capacidade do sistema de I+D+i galego para o descubrimento temperán e desenvolvemento de fármacos en Galicia e fortalecer o sistema sanitario galego con infraestruturas necesarias para acelerar o proceso de desenvolvemento de fármacos e vacinas.

Tal como se indica nos considerandos 19 e 20 do regulamento 2020/2221, o gasto en operacións pode ser subvencionable dende o 1 de febreiro de 2020 e a data final de subvencionalidade será o 31 de decembro de 2023 para o período de programación 2014-2020.



No caso concreto, a actuación prevista no presente convenio encádrase no OE 20.1.1 (Produtos e servizos para os servizos de saúde) do Eixo REACT UE, dentro do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

#### QUINTO.-

Conforme ao establecido no Título I - Capítulo III: Do procedemento de concesión directa, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título II - Capítulo II: Procedemento de concesión directa, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

As actuacións previstas no marco do presente convenio abarcan as anualidades 2021 a 2023 e, tal e como se indica no punto cuarto, a citada subvención nominativa refírese á anualidade 2021; para dar cobertura ás actuacións e financiamento das anualidades 2022 e 2023 considérase que a figura máis axeitada é a do convenio de concesión directa ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 19.4.c) da Lei de subvencións de Galicia baseada, no caso concreto, na existencia de razóns de interese público que dificultan a convocatoria pública.

O interese público ampárase na necesidade de dar resposta á pandemia da COVID-19, aliñada coa postura da Unión Europea ante a situación de emerxencia sanitaria xerada a nivel global.

A execución de actividades na anualidade 2021 ao abeiro do convenio que instrumenta a subvención nominativa concedida fai que resulte xustificado o recurso á sinatura dun convenio de concesión directa durante os anos 2022 e 2023, non só porque esta é a consecuencia lóxica que vai permitir acadar o íntegro cumprimento da finalidade perseguida, senón tamén porque se cumpre un dos supostos de feito dos convenios de concesión directa (o interese público) e porque ademais a citada actividade global resulta fundamental porque a mesma é un requisito previo e indispensable que vai permitir os posteriores desenvolvementos principais do investimento. Deste xeito, as actividades do convenio permitirán aumentar a capacidade do sistema galego de I+D+i para o descubrimento temperán e desenvolvemento de fármacos e vacinas, obxectivo que incrementou aínda máis a súa pertinencia e relevancia para mellorar a capacidade de resposta á crise COVID-19.

Tendo en conta que o presente convenio se financia con fondos REACT-UE, resultan de aplicación as previsións da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a cal permite o financiamento, con este tipo de fondos, das subvencións de concesión directa nos casos nos que existen razóns de interese público.



En atención ao exposto, ambas as dúas partes conveñen en formalizar a tales efectos un convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións da axuda de GAIN a favor da USC para a actualización e ampliación das capacidades tecnolóxicas da Plataforma Innopharma con metodoloxías e tecnoloxías automatizadas compatibles co tratamento por Big Data.

Con este financiamento dotarase a Innopharma de infraestruturas científico-tecnolóxicas colaborativas que inclúan equipamento avanzado de laboratorio nunha contorna dixitalizada, que impulse a atracción de empresas tractoras e a atracción e retención de talento xerando emprego cualificado.

Os resultados que se pretenden conseguir con esta actuación son:

- Aumentar a capacidade do sistema de I+D+i galego para o descubrimento temperán e desenvolvemento de fármacos en Galicia, co fin de fortalecer ao sistema sanitario galego, nacional e europeo coas infraestruturas necesarias para acelerar o proceso de desenvolvemento de fármacos e vacinas, obxectivo que incrementou aínda máis a súa pertinencia e relevancia para mellorar a capacidade de resposta á crise COVID-19.
- Potenciar a posición no ámbito da dixitalización e o Big Data da plataforma Innopharma, recoñecida como de altas capacidades tecnolóxicas no Consorcio Europeo de Infraestruturas de Investigación - ERIC ( <https://www.eu-openscreen.eu/>). Dentro do devandito consorcio aumentaría a captación de fondos europeos para Galicia, así como a captación de fondos privados.
- Reaccionar con urxencia dinamizando as colaboracións co sector empresarial, beneficiando especialmente ás PEMES do sector biotecnolóxico galego. Contribuíndo así a mellora da competitividade beneficiando ás pemes do sector biotecnolóxico galego, contribuíndo así a unha recuperación máis resiliente da economía galega post- covid e mellorando a súa cohesión con outros territorios nacionais e europeos.



Como **Anexo I** ao convenio, recollese a descrición detallada das actuacións a realizar en execución do presente convenio.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

## SEGUNDA.- Achega de GAIN e intensidade da axuda

As actividades do presente convenio teñen un custo estimado de 5.000.000,00 €, que serán financiadas por GAIN con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.744.1, código proxecto 2021 00010, dos seus orzamentos para os anos 2021, 2022 e 2023 de acordo coa distribución que se indica:

	ANOS			Total
	2021	2022	2023	
<b>Orzamento total</b>	1.500.000,00€	3.425.000,00€	75.000,00€	5.000.000,00€
<b>Axuda GAIN</b>	1.500.000,00€	3.425.000,00€	75.000,00€	5.000.000,00€
<b>% Axuda</b>	100%			

As achegas previstas neste convenio están financiadas ao 100% con Feder no marco OE 20.1.1 do Eixo REACT UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID19.

<b>Fondo</b>	FEDER
<b>Obxectivo temático</b>	REACT-UE
<b>Obxectivo específico</b>	O.E. 20.1.1 (Produtos e servizos para os servizos de saúde)
<b>Indicadores de produtividade</b>	CV9 (nº de laboratorios de nova construción, novos equipos ou con maior capacidade para analizar COVID-19)
<b>Contribución - Indicadores de resultado</b>	R039 (Exportación de produtos farmacéuticos)

As achegas previstas neste convenio éllas de aplicación o disposto nos Regulamento (UE) nº 1301/2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao FEDER, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión (FC), ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e ao Fondo Europeo Marítimo e



da Pesca (FEMP), e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao FEDER, FSE, FC e FEMP e demais normativa comunitaria de desenvolvemento

Os gastos que se xustifiquen deberán estar incluídos entre os considerados elixibles pola normativa europea para os fondos FEDER, a estes efectos deberá terse en conta a Orden HAC/114/2021, do 5 de febreiro, pola que se modifica a Orden HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre los gastos subvencionables dos Programas Operativos do *Fondo Europeo de Desarrollo Regional* para o período 2014-2020.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2014/ C 198/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que outórganse a un organismo de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 20 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario cando o organismo de investigación utilice o equipamento de investigación case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estreitamente vinculado ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

### TERCEIRA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co exposto no **Anexo I** e coa previsión de orzamento recollido no **Anexo II** e que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2021 e o 30 de abril de 2023**. En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.



Só se admitirán aqueles gastos e pagamentos que fosen realizados dentro dos períodos de execución indicados na táboa que segue:

Período de realización de gastos e pagos	01/01/2021 - 30/11/2021	01/12/2021 - 30/11/2022	01/12/2022 - 30/04/2023
--	-------------------------	-------------------------	-------------------------

No caso das anualidades 2022 e 2023 admitiranse os gastos realizados dentro do período comprendido entre a data límite de execución da anualidade anterior e a data límite de execución da anualidade corrente. Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponde liquidar eses gastos.

Tendo en conta o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables. A petición da USC e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención.

A estes gastos seralles de aplicación o previsto na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020, modificada pola Orde HAC/114/2021, do 5 de febreiro.

Segundo o artigo 2.c) da devandita Orde, o imposto sobre o valor engadido que sexa recuperable consonte a normativa nacional non será subvencionable.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.



Os conceptos subvencionables incluídos como custo elixible serán os que teñan relación coas seguintes actividades:

1. A adquisición de equipamento científico-técnico, a súa instalación e posta en funcionamento.
2. A mellora ou a actualización de equipamento científico-técnico preexistente co fin de aumentar as súas prestacións ou atrasar a súa obsolescencia, incluíndo a adquisición de accesorios, aparatos auxiliares, as instalacións necesarias ou outros medios.

Especificamente contémpanse os seguintes gastos elixibles:

1. A adquisición de equipos, incluídos os seus accesorios ou aparatos auxiliares, novos.
2. O transporte do equipamento adquirido.
3. A obra civil imprescindible para a realización do acondicionamento necesario para a instalación e posta en marcha do equipamento científico-técnico adquirido ou actualizado.
4. As licenzas permanentes de programas e aplicacións informáticas de carácter técnico e destinado exclusivamente á investigación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento científico-técnico adquirido, mellorado ou actualizado.
5. Reactivos e funxibles necesarios para a posta en marcha do equipamento científico-técnico adquirido ou actualizado.
6. Contratación de persoal especializado para a posta en marcha e mantemento do equipamento científico-técnico adquirido ou actualizado. A estes gastos seralles de aplicación o previsto na norma 6 da Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020, modificada pola Orde HAC/114/2021, do 5 de febreiro.
7. Gastos derivados da elaboración do informe de auditoría que se require para a xustificación do convenio. Este informe axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007 e deberá ser realizado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas

Non serán financiáveis os seguintes gastos:



1. O mobiliario de oficina.
2. Os gastos de mantemento ou reparación.
3. Os seguros dos equipos.
4. As actuacións levadas a cabo mediante renting ou leasing.
5. As garantías do equipamento non incluídas no prezo de adquisición.
6. Os gastos de formación que non estean incluídos no prezo de adquisición do equipamento.
7. O aluguer de equipos.

O equipamento científico-técnico financiado a través deste convenio será propiedade da USC, que deberá incorporalo ao seu inventario e destinalo ao uso para o que foi concedido o seu financiamento.

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, os bens adquiridos con cargo a este convenio deberán ser destinados ao fin para o que foron concedidos durante un período mínimo de cinco anos. No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, isto debe ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro do prazo indicado, debido á rápida evolución da tecnoloxía.

De conformidade co artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, deberá reintegrarse a axuda recibida se no prazo de cinco anos desde o pago final á entidade beneficiaria prodúcese calquera das seguintes circunstancias: un cambio na propiedade da infraestrutura que proporcione a unha empresa ou a un organismo público unha vantaxe indebida ou un cambio substancial que afecte á natureza, os obxectivos ou as condicións de execución, de modo que se menoscaben os seus obxectivos orixinais. Recuperaranse os importes pagados indebidamente en relación coa operación de forma proporcional ao período durante o cal se incumpriron os requisitos.

#### **CUARTA.- Condicións para realizar adquisicións ou contratacións**

A USC, por ter a consideración de Administración Pública aos efectos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.



Ao abeiro do artigo 118 da Ley 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, poderanse realizar cun mesmo provedor diferentes contratos menores sempre que se trate de obxectos diferenciados e non se altere o citado obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais máximos establecidos para a utilización deste tipo de contrato.

Ademais do anterior, para a subcontratación das actividades subvencionadas terase en conta o disposto a continuación e nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

Considerásense subcontratacións as actuacións contratadas a terceiros que supoñan a execución dunha parte do obxecto do convenio e que non poden ser realizadas polo beneficiario. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada. As tarefas subcontratadas corresponderán a actividades que non poidan ser realizadas polo beneficiario cos seus propios medios, tanto humanos como materiais.

A USC poderá subcontratar, como máximo, ata o 50 % do importe da actividade subvencionada.

Á vista do disposto no artigo 27.3 da Lei de subvencións de Galicia, cando a actividade subcontratada exceda do 20% da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000€, será obrigatoria a subscrición dun contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista.

A subscrición destes contratos deberá ser previamente autorizada por GAIN para o que a USC. deberá presentar xunto coa proposta de contrato unha memoria xustificativa da súa finalidade e necesidade. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no parágrafo anterior.

En ningún caso o beneficiario poderá subcontratar con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións que se recollen no artigo 10 da Lei 9/2007
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.



- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias detalladas no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, sen prexuízo da excepción regulada no parágrafo seguinte en relación coas entidades vinculadas.

Excepcionalmente, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de entidades vinculadas cando sexa imprescindible para a execución das actividades e sempre que se realice de acordo coas condicións normais de mercado, extremo este que se acreditará mediante una declaración responsable do beneficiario.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, GAIN poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

#### **QUINTA: Compromisos e autorizacións**

A USC. comprométese a:

1. Presentar previamente á sinatura do convenio:
  - a) Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable do beneficiario de conformidade co artigo 11.e) do Regulamento de Lei 9/2007.
  - b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- c) Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
  - d) Declaración responsable de non estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras una decisión previa da Comisión Europea que declarara unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.
  - e) Declaración responsable de que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
  - f) Declaración responsable de que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que solicita a axuda.
  - g) Declaración responsable de que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
2. Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas nos **Anexos I e II.**
  3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, ás comprobacións do artigo 125 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
  4. Comunicar á Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que as do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
  5. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade



Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos de GAIN co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

6. Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
7. Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
9. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
10. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
11. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.
12. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
13. A sinatura deste convenio comportará a autorización a GAIN para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da



Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a USC poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

14. Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos. No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, isto debe ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro do prazo indicado, debido á rápida evolución da tecnoloxía.
15. Cumprir a normativa aplicable ao Feder, en particular, o Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e o Regulamento (UE) n.º 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo europeo de desenvolvemento rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1080/2006; así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.
16. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste convenio. A USC deberá contar cunha contabilidade separada de actividades económicas e non económicas e queda obrigada a destinar a axuda recibida soamente a actividades non económicas. A tal efecto, este requisito entenderase cumprido mediante a levanza de sistemas auxiliares, tales como listados Excel e outros sistemas de xestión documental (Doc.info) que inclúan esta información técnica e económica de forma detallada e individualizada.
17. Conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un período de dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída (caso das operacións cun gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 euros), en aplicación do artigo 140.1 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013). GAIN informará á USC da data de inicio á que se refire esta obriga. Todo elo, sen prexuízo da obriga de mantemento do investimento de 5 anos para



bens inscrites nun rexistro público esixida polo artigo 29.4 da Ley 9/2007, de subvencións de Galicia.

18. Manter os investimentos en infraestruturas durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ás entidades beneficiarias en cumprimento do disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.
19. Realizar un evento de difusión ao inicio das actuacións do convenio para explicar os seus obxectivos e expoñer o plan de utilización e outro á finalización do convenio no que se poña de manifesto o avance do plan de utilización. Nestas actividades poñeráse de manifesto o apoio do Feder como parte da resposta da Unión á pandemia da Covid-19 e de GAIN.

As datas de realización destas actividades deberán ser comunicadas previamente para a súa conformidade polo Departamento de Xestión da Innovación da GAIN.

20. En relación coa obriga de dar publicidade ao financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e atendendo ao sinalado no Capítulo II do Regulamento de execución (UE) n.º 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, a entidade beneficiaria deberá, durante a realización da operación e mantemento do investimento:

- Recoñecer o apoio do Feder á operación en todas as medidas de información e comunicación e medidas para aumentar a visibilidade que leve a cabo mostrando o emblema xunto coa referencia á Unión Europea, segundo o recollido nos artigos 3 e 4 do Regulamento n.º 821/2014. Así mesmo, farase referencia ao FEDER e a que a operación está "financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19". Tamén se incluírá o lema "Unha maneira de facer Europa" sempre que sexa posible. Polo tanto, calquera documento relacionado coa execución da operación que se destine ao público conterá unha declaración na que se recoñeza este apoio.
- Informar ao público do apoio obtido facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea. Cando se mencione o Fondo Feder completárase cunha referencia relativa a que se financia como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.



- Dado que se prevé o financiamento de equipamentos e infraestruturas cunha contribución pública total superior a 500.000 euros, colocarse nun lugar ben visible para o público, no prazo de tres meses a partir da conclusión da operación, un **cartel ou placa permanente de tamaño significativo**. O cartel ou a placa permanente indicará o nome e o obxectivo principal da operación e prepararse de acordo coas características técnicas recollidas no apartado 2 do artigo 5 do Regulamento n.º 821/2014

Pode ademais consultarse a Guía de Comunicación do PO FEDER Galicia 2014-2020 no seguinte enderezo:

[www.fondoseuropeos.gal/documents/12405111/13219159/GuiaComunicacion\\_1420.pdf](http://www.fondoseuropeos.gal/documents/12405111/13219159/GuiaComunicacion_1420.pdf)

- No caso de persoal de nova contratación, farase mención expresa no contrato ao financiamento Feder no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (obxectivo específico OE 20.1.1- OE REACT-UE 1) como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID19 e ao presente convenio de colaboración.
  - Informar do nivel de logro dos indicadores de produtividade asociados: CV9 – número de laboratorios de nova construción, novos equipos ou con maior capacidade para analizar COVID-19, así como outros indicadores de I+D+i que GAIN puidera requirirille.
21. Dar publicidade ás axudas recibidas nos contratos de servizos, así como calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación e en publicacións, relatorios e actividades de difusión de resultados acadados coas infraestruturas financiadas, mencionando expresamente a súa orixe e o financiamento con fondos Feder. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da GAIN e a frase «Subvencionado pola Axencia Galega de Innovación», así como «Financiado con cargo aos Fondos Feder como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19». Así mesmo, deberá informarse de que a infraestrutura foi apoiada pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
22. Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións. ( art. 125.4. c do Regulamento (UE) nº 1303/2013). A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na



Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

23. O beneficiario deberá introducir os datos e os documentos dos que sexa responsable, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos de acordo ás especificacións determinadas na convocatoria de axudas, en cumprimento do artigo 122, apartado 3, parágrafo primeiro, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o artigo 10.1 do Regulamento 1011/2014, do 22 de setembro de 2014
24. A aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión da entidade beneficiaria na lista de operacións, que se publicará no portal da Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda, co contido previsto no punto 1 do anexo XII e o artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

<https://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.aspx>

25. Elaborar un plan de utilización, xestión e protocolo de acceso ao equipamento científico-técnico financiado ao abeiro do presente convenio no que se contemple o uso compartido do conxunto de investigadores que farán uso do equipamento.

O presente convenio ten a consideración de Documento polo que se Establecen as Condicións de axuda (DECA), no que se inclúen todas as obrigas e compromisos asumidos polo beneficiario, para os efectos da normativa aplicable ao FEDER.

#### **SEXTA.- Réxime de pagamentos e prazo de realización de gastos / pagamentos e de xustificación da axuda**

En consonancia coa duración das actividades do Convenio e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será abonada anualmente á USC, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do orzamento elixible total para cada anualidade, conforme ao indicado a continuación:



	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	TOTAL
<b>Orzamento total elixible</b>	1.500.000,00€	3.425.000,00€	75.000,00€	5.000.000,00 €
<b>Axuda GAIN</b>	1.500.000,00€	3.425.000,00€	75.000,00€	5.000.000,00 €
<b>Período de realización de gastos e pagos</b>	01/01/2021 - 30/11/2021	01/12/2021 - 30/11/2022	01/12/2022 - 30/04/2023	
<b>Data límite presentación documentación xustificativa</b>	15/12/2021	15/12/2022	10/05/2023	

Para a xustificación da axuda o método de custos empregados é o de custos reais (art. 67.1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013)

De non xustificar o importe total das actividades establecidas para cada anualidade, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, a condición de que se alcanzou o obxecto do presente Convenio.

Para a xustificación de cada pagamento parcial, a USC achegará a documentación que se indica nas **cláusulas sétima e oitava**. A documentación presentarase electronicamente. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presentan. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Axencia Galega de Innovación, antes de proceder ao seu pago, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos.



Antes de proceder ao pagamento final da subvención, GAIN comprobará, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida, sendo obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación emitindo un informe no que se indique o grao de cumprimento e se ten sido:

- a) Excelente
- b) Positivo e
- c) Negativo: se non se realizaron as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto por un baixo desempeño ou deficiente organización. Neste caso, deberá cuantificarse a porcentaxe de incumprimento.

Por Resolución de GAIN e previa solicitude motivada da USC, poderán autorizarse pagamentos anticipados de ata o 50% da subvención total concedida en aqueles supostos nos que a inversión esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. Estes anticipos non poderán superar o importe da subvención prevista para cada anualidade. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Ley 9/2007. Para a realización dos pagamento anticipados a USC deberá presentar a seguinte documentación:

- Unha solicitude motivada do pagamento anticipado (segundo o modelo que se facilita como **Anexo IV**).
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas e concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas.

De conformidade co establecido no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a superación do límite do 80% do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta previsto no artigo 62.2 do citado regulamento, está autorizada polo Consello da Xunta de Galicia .

A realización dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados está exenta da constitución de garantías de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 51 da Lei 3/2021, de 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.



## SÉTIMA.- Documentación xustificativa económica

A xustificación económica realizarase a través de informe dun auditor. Este informe deberá verificar a existencia da documentación que se detalla a continuación e revisar, ademais, o cumprimento dos requisitos que se esixen a cada concepto de gasto.

Segundo o disposto no artigo 30.2 da Ley de Subvencións de Galicia, nas subvenciones de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, debendo quedar constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polo representante da administración e polo beneficiario.

Para cada unha das xustificacións parciais do proxecto deberá presentarse a documentación que se sinala a continuación, acompañado do correspondente informe de auditor:

- a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou proxecto ou para as mesmas partidas de gasto , procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, utilizando o modelo do **anexo III**
- b) Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nas súas obrigas tributarias, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor. Estás certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable do beneficiario de conformidade co artigo 11.e) do Regulamento de Lei 9//2007.
- c) Un resumo da execución do investimento en que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por concepto de gastos.
- d) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.



Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais.

- e) Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito.

De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na **cláusula Sexta** do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificadas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

- f) Respecto da documentación xustificativa do investimento e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentar unha copia en formato pdf dos documentos indicados realizada polo beneficiario acompañada dunha



declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados así como o compromiso de presentar os orixinais cando GAIN llos requira.

- g) No suposto de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.
- h) Para a xustificación do custo de persoal contratado para a posta en marcha e mantemento das infraestruturas, deberá achegarse:
1. Certificación dos custos de persoal emitida polo órgano de control correspondente, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades de posta en marcha e mantemento das infraestruturas, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do proxecto.
  2. Xustificación da comunicación por escrito ao traballador de que o seu salario se financia na súa totalidade ou en parte con fondos Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, segundo se trate dunha imputación total ou parcial do mesmo ás actividades do convenio.
  3. Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do proxecto, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación prevista no convenio, o importe considerarase xustificado coa presentación da citada declaración quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.
  4. Copias das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copias dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario



da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallan os distintos traballadores incluídos.

5. Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.
  6. Copia dos contratos de traballo en que poida verificarse a exclusividade ao proxecto e o resto dos requisitos exixidos nesta convocatoria, xunto coa copia da súa titulación académica. No contrato farase mención expresa ao financiamento Feder e ao presente convenio de colaboración.
  7. Declaración responsable da non participación do persoal dedicado ao proxecto, financiado con cargo ás axudas desta convocatoria, noutras actividades/proxectos financiados con axudas procedentes de calquera Administración pública ou, en caso contrario, declaración responsable de non superar, conxuntamente coa dedicación ao proxecto, a porcentaxe do 100 %.
- i) A USC, por ter a consideración de Administración Pública aos efectos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.
- j) En caso de subcontratacións, ademais da documentación sinalado no punto i), deberá achegarse:
1. Copia da factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario na que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán especificar o título do proxecto.
  2. Xustificantes de pagamento da/s factura/s da subcontratación.
  3. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto, na que se debe incluír unha relación das persoas que participaron nas mesmas, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas e a porcentaxe de dedicación ao proxecto.



- I) Plan de utilización, xestión e protocolo de acceso ao equipamento científico-técnico financiado ao abeiro do presente convenio no que se contemple o uso compartido do conxunto de investigadores que farán uso do equipamento.

Sen prexuízo da documentación indicada nos puntos anteriores, poderá requirirse que se achen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

#### OITAVA.- Documentación xustificativa técnica

1. A documentación xustificativa técnica para cada unha das xustificacións parciais do convenio constará de:

- a) Informe técnico normalizado segundo o modelo que se incorpora como **Anexo V**
- b) Memoria descritiva, en formato libre, da realización e evolución das actividades previstas no convenio. Deberá de incluírse, mediante fotografías ou calquera outro soporte probatorio, o cumprimento das obrigas de publicidade previstas no convenio, de conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o Regulamento de execución (UE) nº 821/2014.
- c) Fotografías en cor dos equipamentos/infraestruturas adquiridas.

2. Sen prexuízo da documentación anteriormente indicada, poderá requirirse do solicitante que anexe cantos datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3.- Xunto coa anterior documentación, e respecto da xustificación final, deberá presentarse a táboa de indicadores do **Anexo VI** ao remate da execución das actividades obxecto do convenio.

#### NOVENA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN, un deles actuará como presidente, e dous representantes da USC designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio



2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (**Anexo II**), que supoñan minoracións en algún dos conceptos ou en algunha das actividades superiores ao 20%, para adecualos á execución das actuacións previstas e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMA.- Incompatibilidade con outras axudas**

A subvención concedida será incompatible coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

#### **UNDÉCIMA.- Control**

1. GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo da subvención.
2. A Axencia Galega de Innovación, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento ao beneficiario as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de orixe dos fondos. Se se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, propoñerase o reintegro da subvención concedida.
3. Previo ao pagamento final da subvención, será obrigatorio realizar unha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación. Ademais desta actividade final de



inspección, a Axencia, no marco do seu plan anual de inspección, poderá realizar as visitas e comprobacións iniciais, intermedias e finais que considere convenientes.

4. Conforme o sinalado no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento pola Axencia Galega de Innovación, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da administración coma polo beneficiario.
5. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión do programa operativo Feder, así como ás verificacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

#### **DUODÉCIMA.-Alteración das actuacións**

A petición da USC e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (**Anexo II**), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente



convenio e GAIN, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **DÉCIMO CUARTA .- Autonomía do beneficiario**

A USC manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, a USC será propietario intelectual dos traballos resultantes.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Causas de resolución e de reintegro**

A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como cos compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula quinta.
- A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas.



- O incumprimento dos prazos de mantemento da actividade ou do investimento.
- A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.
- Non destinar a axuda recibida ao financiamento de actividades de natureza non económica.
- Non comunicar a GAIN a obtención doutras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas.
- O acordo mutuo das partes.

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes intereses de mora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axúda FEDER da operación.

### **DÉCIMO SEXTA.- Gradación dos incumprimentos**

1. O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Consideraranse incumpridos os obxectivos da axuda cando non se xustifique polo menos o 50% do gasto subvencionable previsto no convenio.

2. O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución de actividades concretas do proxecto dará lugar á perda parcial do dereito ao cobramento da subvención nas porcentaxes que se determinen nos parágrafos seguintes ou, de ser o caso, ao reintegro parcial da subvención.

O alcance do incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase a subvención proporcionalmente.

3. Nos seguintes casos de incumprimento reducirase a intensidade da axuda do seguinte xeito:

Procederá o reintegro parcial nos seguintes casos:

1) Non dar publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido na cláusula quinta do convenio suporá un reintegro do 2% da subvención concedida



2) No caso do incumprimento da obriga manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado, en relación con todas as transaccións relativas aos gastos subvencionables que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co Feder, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, suporá o reintegro dun 2% da subvención concedida.

3) No período de mantemento dos investimentos establecido no convenio, no caso de non cumprir as obrigas de publicidade do financiamento do proxecto (placa permanente, páxina web,...) suporá o reintegro dun 2% da subvención concedida.

4) O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

No caso de condicións que constitúan obrigacións que o beneficiario debe acreditar en fase de xustificación (obrigacións de publicidade, comunicación doutras axudas, etc), estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pago da subvención, polo que a gradación fixada neste apartado só resultará aplicable para os supostos de reintegro, no caso en que se detecten en controis posteriores ao pago dalgún incumprimento relativo a esas obrigacións.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- Natureza e resolución de conflitos**

Este convenio ten carácter administrativo, rexerese polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, a axuda obxecto desta convenio réxese polas normas comunitarias aplicables por razón do financiamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralle de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

- a) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de



Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

b) Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

c) Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020, modificada pola Orde Orden HAC/114/2021, de 5 de febreiro.

d) Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento e o Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifican os Regulamentos (UE) 1301/2013, (UE) 1303/2013 e (UE) 508/2014, no relativo a medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao brote de COVID-19 (Iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus).

e) Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento e o Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os Regulamentos (UE) 1301/2013 e (UE) 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos en resposta ao brote de COVID-19.

f) Regulamento (UE) 2020/2221 que establecía as normas e disposicións de execución referentes aos recursos adicionais aportados en calidade de Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE), a fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2014/ C 198/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que outórganse a un organismo de investigación para actividades non económicas. En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.



De acordo co disposto no parágrafo 20 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario cando o organismo de investigación utilice o equipamento de investigación case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estreitamente vinculado ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado. Considerarase que isto se produce cando as actividades económicas consumen exactamente os mesmos insumos (como material, equipamento, man de obra e capital fixo) que as actividades non económicas e a capacidade asignada cada ano ás devanditas actividades económicas non supere o 20 % da capacidade anual total da entidade de que se trate.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso - Administrativo.

### **DÉCIMO OITAVA .- Protección de datos persoais**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Innovación) coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



Co fin de darlle publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, os devanditos datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellaría de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de Organismo Intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas operativos, segundo o disposto nos artigos 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5 e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento

## **DÉCIMO NOVENA .- Vixencia**

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023 (data de finalización da operación aos efectos do DECA), sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2021 e se teñan rematado o 30 de abril de 2023.

E en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente Convenio, na data indicada na marxe.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Francisco José Conde López

Antonio López Díaz



## Anexo I

### Actuacións relativas á actualización e ampliación das capacidades tecnolóxicas da Plataforma Innopharma

